

P  **NTEAREAS**
CONCELLO



PROGRAMACIÓN GUITARRA

GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL

Departamento de Corda

Introducción.

Fundamentación teórico-normativo.

Fundamento Legal.

Obxectivos das ensinanzas.

Obxectivos xerais do Grao Elemental.

Obxectivos xerais do Grao Profesional.

Obxectivos específicos.

Metodoloxía.

metodoloxía orientativa:

Atención á diversidade.

Alumnado estranxeiro.

Superdotación intelectual.

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Temas transversais.

Educación en valores.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Secuenciación do Grao Elemental.

Secuenciación do curso 1º Grao Elemental

Obxectivos

Contidos

Primeira avaliación

Segunda avaliación

Terceira avaliación

Avaliación

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles

Procedementos e ferramentas de avaliación

Criterios de cualificación

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Probas extraordinarias de setembro

Recursos didácticos

Secuenciación do curso 2º Grao Elemental

Obxectivos

Contidos

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles

[Procedementos e ferramentas de avaliación](#)

[Criterios de cualificación](#)

[Medidas de recuperación](#)

[Procedementos de recuperación ordinarios](#)

[Probas extraordinarias de setembro](#)

[Secuenciación do curso 3º Grao Elemental](#)

[Obxectivos](#)

[Contidos](#)

[Avaliación](#)

[Criterios de avaliación](#)

[Mínimos esixibles](#)

[Procedementos e ferramentas de avaliación](#)

[Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.](#)

[Criterios de cualificación](#)

[Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

[Medidas de recuperación](#)

[Procedementos de recuperación ordinario](#)

[Probas extraordinarias de setembro](#)

[Recursos](#)

[Secuenciación do curso 4º Grao Elemental](#)

[Obxectivos](#)

[Contidos](#)

[Avaliación](#)

[Criterios de Avaliación](#)

[Mínimos esixibles](#)

[Procedementos e ferramentas de avaliación](#)

[Criterios de Avaliación](#)

[Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

1. Introducción.

1.0.1. Fundamentación teórico-normativo.

No campo educativo os termos programación, planificación, deseño,...refírense ao proceso de toma de decisións mediante o cal o profesor prevé a intervención educativa dunha forma deliberada e sistemática.

Consiste en prever por anticipado a acción docente a desenvolver debidamente fundamentada, saber que se fará , como e por que. Desta forma a programación permite cumprir unha serie de funcións docentes como tomar decisións reflexionadas, dotar de sentido ás aprendizaxes, adaptarse aos coñecementos previos dos alumna/o, detectar as dificultades, e ofrecer a axuda necesaria.

Debido a iso, a necesidade de deseñar unha programación está amplamente xustificada porque nos axuda a eliminar o azar, o que non significa a eliminación de novas achegas, evita perdas de tempo e sistematiza e ordena o proceso de ensino-aprendizaxe.

Trátase dun proceso continuo, aberto e en constante revisión que conleva un reaxuste de todo o proxecto cando as circunstancias así o requiran. Este proceso de programar é competencia do docente e hase de axustar ao currículo oficial e ás características do centro educativo.

Esta programación didáctica na materia de ensino musical, está deseñada de acordo á normativa vixente baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo para a materia de guitarra dentro do Grao Elemental e Profesional. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade.

2. Fundamento Legal.

A elaboración desta Programación Didáctica está deseñada de acordo as leis e decretos vixentes no marco estatal e autonómico actual en orde cronolóxica: en primeiro lugar na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio*, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade. Por iso, todos os departamentos didácticos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste Departamento de Corda Pulsada do **Conservatorio Profesional de Música Reveriano Soutullo Municipal de Pontearreas**.

3. Obxectivos das ensinanzas.

3.1. Obxectivos xerais do Grao Elemental.

O grao elemental das ensinanzas de música contribuíu a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3.2. Obxectivos xerais do Grao Profesional.

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar una imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Obxectivos específicos.

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

5. Metodoloxía.

A metodoloxía do ensino musical require de un tratamento especial segundo o tema que se aborde en cada momento, o perfil psicolóxico de cada alumno e as súas características específicas.

5.1. metodoloxía orientativa:

- Ensino do instrumento é individualizada no seu maior parte, aínda que pode incluír clases colectivas.
- Estilo de ensino é recíproco, é dicir que o profesor dá coñecementos ao alumno, pero este tamén investiga e pregunta achega das súas inquietudes, sacando as súas propias conclusións.
- Os medios que podemos utilizar nas clases poden ser auditivos (*discos, grabacions*), escritos (*partituras, textos*), audiovisuales (*videos, retroproyectores, fotografías*) e materiais (*tubos, pelotas, aparellos de respiración, etc...*)

Os **PRINCIPIOS METODOLOXICOS** que rixen a elaboración desta programación didáctica dotandoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** o carácter instrumental da especialidade de **VIOLA** require da practica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na ensinanza.
- **Autonomía:** cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais así como nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisión por si mesmo.

- ***Creatividade:*** ó tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir cos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- ***Individualización:*** a nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e efectivo social de cada alumno ou alumna.
- ***Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:*** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións ou pequenos cambios que fosen precisos na temporalización dos contidos.
- ***Convivencia:*** cando as actividades requiran dun traballo en equipo fomentárase en todo momento o mellor clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- ***Significación:*** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, terá aplicación reais.
- ***Interdisciplinidade:*** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que curso o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

Os **MÉTODOS DIDÁCTICOS** a decidir para esta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes enfoques:

- ***Modelo constructivista:*** tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade e práctica.
- ***Aprendizaxe significativa:*** este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación. Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:
 - Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha finalidade, así como fomentando o bo clima da clase, a autoconfianza, etc.
 - Que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
 - Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica

- Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

6. Atención á diversidade.

Faise necesario considerar a atención ao *ANEE* (*alumnado con necesidades educativas específicas*), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral.

6.1. Alumnado estranxeiro.

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (*ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental*). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (*por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..*). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

6.2. Superdotación intelectual.

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media.

O *Real Decreto 943/2003*, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu *Artigo 9* os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no *RD 943/2003*, ou ben elaborando actividades de ampliación (*é decir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso*), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

6.3. Alumnado con necesidades educativas especiais.

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (*reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación*).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera nesta programación didáctica a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero si dándose ese caso, tomárianse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

7. Temas transversais.

7.1. Educación en valores.

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (*Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero*): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.

- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (*Educación para a Saúde*). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.

- Educación ambiental, respecto pola natureza e dos seres vivos.

- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapé na tradición propia como estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (*TIC*) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Dentro do Proxecto Educativo de Centro do noso Conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistras, audicións e outros.

O alumnado terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o departamento, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio corresponden, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (*non sendo casos especiais que así o requiran*), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

Capítulo 1º. Actos institucionais

No curso académico 2016/2017 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do Centro. Seguindo esta liña de continuidade o Departamento Didáctico colaborará, cando sexa posible, nos seguintes actos:

- **Concerto de apertura do Curso Académico.**

- **Concertos Benéficos:** en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do Centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.

- **Ciclos de concertos:** como por exemplo o Ciclo de Primavera onde se convida a solistas e agrupacións tanto externas como formadas por membros do claustro.

- **Actos de graduación:** Alumnado que remata os estudos do 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio Centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección e divulgación da nosa tarefa didáctica.

Capítulo 2º. Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras a realizar, unha vez aprobados no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do Centro.

No caso de que o Departamento teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse

en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar. No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

Capítulo 3º. Audicións

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o departamento organizará audicións do alumnado que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso. Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración de calendarios coas propostas de datas para organizar as diferentes audicións ao longo do curso. Estas propostas serán estudadas pola Vicedirección para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

A Aula Instrumental en colaboración co Departamento Didáctico organizará como mínimo tres audicións ao longo do curso, nas que o alumnado deberá participar interpretando as obras programadas como mostra do traballo realizado na clase.

Capítulo 4º. Outros

O Conservatorio colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos como os concertos pedagóxicos, concertos no Auditorio Municipal do Concello de Pontearreas, entre outros.

O Departamento Didáctico colaborará na medida do posible motivando e preparando ao alumnado para que participe nestas actividades.

9. Secuenciación do Grado Elemental.

9.1. Secuenciación do curso 1º Grao Elemental

9.1.1. Obxectivos

- Entender as principais características do instrumento.
- Colocar adecuadamente o corpo con respecto ao instrumento.
- Ter unha correcta posición das dúas mans.
- Manexar con soltura as dúas formas básicas de pulsación (apoiando e tirando).
- Utilizar as uñas para pulsar as cordas cos dedos da man dereita.
- Coñecer e dominar a lectura das notas na primeira posición.
- A obrigatoriedade de dispoñer dunha guitarra de calidade, axeitada ao curso, con cordas en bo estado. Tamén de apoiapé, limas, atril, cexilla e diapasón.

- Interpretar oito pezas do programa sendo obrigatoriamente catro delas polifónicas. Interpretar en público, con expresividade e autocontrol, as pezas estudadas no repertorio do curso. O alumno demostrará, desta maneira, o grado de dominio de todos aqueles aspectos musicais (estilo, fraseo, velocidade, tempo, rubato, articulación e calidade de son adecuada) e técnicos (arpexos, escalas, ligados, etc...) adquiridos o longo do curso.

9.1.2. Contidos

9.1.2.1. Primeira avaliación

- Colocación correcta da guitarra sobre o corpo.
- Exercicios de pulsación en cordas ao aire (tirando e apoiando).
- Exercicios de sincronización cos dedos das dúas mans, buscando unha posición das mesmas.
- Interpretación de memoria de tres pezas monódicas.

9.1.2.2. Segunda avaliación

- Utilización adecuada das uñas nos dedos da mao dereita.
- Arpexos de tres notas.
- Escala dunha oitava na tonalidade de Do M (V posición), apoiando e tirando (i,m).
Aprendizaxe da lectura musical coa guitarra.
- Interpretación de memoria de catro pezas monódicas e dúas polifónicas.

9.1.2.3. Terceira avaliación

- Lectura das notas do diapasón nos cinco primeiros trastes. Afinación básica.
- Escala dunha oitava na tonalidade de Do M (I e V posición) Exercicios con notas simultáneas.
- Interpretación de memoria de catro pezas monódicas e catro polifónicas.

9.1.2.4. Avaliación

- A avaliación será continua. O profesor efectuará un seguimento persoal do alumno na aula. Temporalmente realizaranse audicións para avaliar a interpretación en público.

9.1.2.5. Criterios de avaliación

- O principal criterio de avaliación consistirá en medir o dominio do alumno/a sobre un programa de obras (pezas ou estudos do curso).
- Programa orientativo
- Oito pezas, catro interpretadas de memoria, a elixir entre a lista proposta¹ (catro deberán ser polifónicas):

¹ Ou outras posibles pezas de similar nivel técnico e musical.

Pezas monofónicas	
Essential Guitar Skill	B. Lester
<ul style="list-style-type: none"> • La escala no 1, 2 e 3 • La cejilla: no 2 (tamén en 2º) 	
Estudio 1 (Savio)	F. Sor
Valsa (Savio)	J. Kuffner
Basic pieces, Vol. I	J. A. Muro
Pezas polifónicas	
Basic pieces, Vol. II	J. A. Muro
<ul style="list-style-type: none"> • Vals (pág. 12) • Estudio (pág. 16) • Minueto (pág. 17) • Canción húngara (pág. 18) • Canción y danza (pág. 20 y 21) • Canción de atardecer (pág. 22) • Las gotas de lluvia (pág. 24) <ul style="list-style-type: none"> • Oración (pág. 25) • Preludio (pág. 34) • Danza antigua (pág. 36) • La mariquita (pág. 34) 	
Divertissements pour guitare, Vol. I <i>Bahamas</i>	G. Montreuil
Explorations Vol. I	B. Lester
<ul style="list-style-type: none"> • Roking • Jazz walk • Dance for all 	
Guitar Gradus	R. Chiesa
<ul style="list-style-type: none"> • Go Tell Aunt Rhody (pág. 51) <ul style="list-style-type: none"> • Gelübde (pág. 52) • Deutsches Weihelied (pág. 52) <ul style="list-style-type: none"> • Reed River Valley (pág. 52) <ul style="list-style-type: none"> • Sakura (pág. 54) • The Muffin Man (pág. 57) • The wraggle Taggle Gypsies (pág. 63) 	

<ul style="list-style-type: none"> • Wohlan, die Zeit ist kommen (pág. 65) <ul style="list-style-type: none"> • The Mermaid (pág. 77) • Elia il profeta (pág. 80) • Canto tradizionale scozzese (pág. 80) 	
A broken piece	N. Powlesland
One potato	A. Lawrence
Vals para atraer mariposas e Andantino	P. Valeriano
Furiant (26 Pieces Humours)	S. Rak
Estudos e obras específicas do periodo clásico-romántico	
Estudo Nº 1 (Chiesa)	F. Sor
Estudo Nº 1 (Chiesa)	F. Carulli
Vals (Savio)	F. Carulli
Andantino (Savio)	M. Carcassi
Lección no 43 (Sanz)	D. Aguado
Divertimento no 44 (Sanz)	A. Cano
Allegretto (Savio)	A. du Bouley

9.1.2.6. Mínimos esixibles

Como mínimos esixibles para superar este curso, o alumno/a terá que interpretar de memoria as oito pezas do programa sendo obrigatoriamente catro delas polifónicas. Esta interpretación deberá ser realizada con un mínimo de adecuación dos aspectos musicais e técnicos (correcta lectura, fraseo intelixible, tempo e velocidade que non estean desfasados) e emprego das uñas para obtención dun son apropiado.

9.1.2.7. Procedementos e ferramentas de avaliación

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

1. Lectura e dixitación: O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dixitación adecuada, é capaz dunha primeira interpretación inda que non consiga a suficiente soltura nos pasaxes mais complicados.

2. Dominio técnico: Mediante o estudo individualizado e racional dos pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.

3. Dominio interpretativo: O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e disfrutando da música que toca.

A avaliación será continua. Con este procedemento mais os instrumentos anteriormente citados, o profesor efectuará unha comprobación dos coñecementos que o alumno ou alumna vaia adquirindo ao longo do curso e permitindo unha cualificación obxetiva.

9.1.2.8. Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado recollerá a valoración dos seguintes aspectos:

Actitude na clase fronte á materia e traballo diario.

Aspectos técnicos: hábitos posturais, dixitación, velocidade, dinámicas, articulacións, calidade do son, memoria, etc., directamente relacionados coas obras e estudos do programa establecido para o curso.

Aspectos musicais: estilo, fraseo, métrica, ornamentación, etc., directamente relacionados coas obras e estudos do programa establecido para o curso.

<i>Criterios</i>	<i>Nota</i>	<i>%</i>	<i>Nota ponderada</i>
Técnica (0 a 10)		40%	
Musicalidade (0 a 10)		40%	
Cumprimento do programa (0 a 10)		20%	
		<i>Total:</i>	

A expresión do nivel alcanzado será obxecto das seguintes cualificacións e súas correspondencias, sendo representadas numericamente, sen empregar decimais, e nunha escala de un a dez:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Aprobado: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A concesión de ampliación de matrícula estará supeditada á capacidade do alumno/a de ter alcanzado os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado – tanto na especialidade instrumental como nas ensinanzas teóricas - no primeiro trimestre do ano académico.

9.1.3. Medidas de recuperación

9.1.3.1. Procedementos de recuperación ordinarios

No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental, neste caso guitarra, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

9.1.3.2. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivera avaliación positiva poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de setembro. Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no Informe de Avaliación Negativa elaborado no mes de xuño polo profesorado da materia.

9.1.4. Recursos didácticos

O profesor animará ao alumno/a a utilizar internet como unha ferramenta de valor eficaz para adquirir información e material necesario para a súa formación como músico.

Será fundamental que o alumno adquira o hábito de comprar partituras, cds, videos, entradas para concertos etc.... Desta maneira valorará o esforzo dun artista cando escribe música, grava ou actúa nun concerto en directo.

Neste curso suxerimos o emprego do seguinte material bibliográfico:

Guitar Gradus	R. Chiesa
Twenty grades duets	J. Garval
Explorations in guitar playing for beginners, Vol. I e II	B.Lester
Essential guitar skill, The Scale, The Barré	B.Lester
Divertissements pour guitare, Vol. I	G. Montreuil

Basic pieces, Vol. I e II	J. A. Muro
Colección de piezas e estudos, Vol. I	I. Savio

9.2. Secuenciación do curso 2º Grao Elemental

9.2.1. Obxectivos

- Aproximarse, partindo da imitación, á posición corporal precisa, que facilite a coordinación entre ámbalas dúas mans e permita a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón e dereitos sobre as cordas.
- Coñecer e situar os puntos de apoio e equilibrio da posición para tocar de forma relaxada.
- Interpretar un repertorio básico formado por un elenco de pezas, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Tomar conciencia da tensión-relaxación necesaria para a interpretación.
- Desenvolver, progresivamente, un perfeccionamento continuo da calidade sonora, dentro das esixencias do nivel, na interpretación individual.
- Comezar a utilizar as uñas na man dereita na procura do son.
- Usar a memoria como método de aprendizaxe.
- Adquirir un hábito de estudo regular e saudable, de acordo a un plan establecido.
- Coñecer perfectamente as notas nos cinco primeiros trastes do diapasón.
- Saber afinar a guitarra por equisonos.

9.2.2. Contidos

- Dixitación de ámbalas dúas mans.
- Ritmo, compás, acento.
- A dinámica. Diferentes indicacións dinámicas.

- A agóxica. Diferentes indicacións agóxicas.
- Nocións de afinación e equisonos.
- Práctica de ligados de dúas notas, ascendentes e descendentes.
- Práctica de arpeخيos de catro notas.
- Práctica de escalas.
- Práctica de lectura a vista de melodías nos cinco primeiros trastes do instrumento.
- Interpretación de estudos e pezas de diferentes estilos.
- Coidados básicos do instrumento.

9.2.3. Criterios de avaliación

- Reproducir unha axeitada posición corporal con respecto ao instrumento á hora de tocar, sentándose correctamente, mantendo as costas erguidas e establecendo os puntos de apoio do corpo co instrumento.
- Desenvolver unha posición correcta da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos e que permita realizar distintos tipos de combinacións tanto tirando como apoiando.
- Desenvolver unha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade de esta sobre o diapasón nos cinco primeiros trastes.
- Desenvolver unha axeitada coordinación de ambas dúas mans para a execución das diferentes pezas.
- Desenvolver un concepto de son dentro deste nivel e concienciarse da importancia do mesmo.
- Ler e interpretar coa suficiente fluidez pezas monódicas e polifónicas sinxelas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
- Interpretar en público algunhas das pezas traballadas para mostrar o traballo realizado con suficiente seguridade.

9.2.4. Mínimos esixibles

O alumno deberá interpretar correctamente ao longo do curso un número de catro estudos e catro pezas, dous estudos e unha peza no primeiro trimestre, dous pezas e un estudo no segundo trimestre, e unha peza e un estudo no terceiro trimestre (recollidas no apartado de “recursos didácticos” propostos para este curso), atendendo a un coñecemento das notas na primeira e segunda

posición, e utilizando unha correcta colocación do corpo e das mans que posibiliten a produción dunha pulsación “tirando” de calidade e con amplitude de son.

- Deberá interpretar de memoria como mínimo tres pezas ou estudos.
- Deberá participar como mínimo en dúas audicións durante o curso.

9.2.5. Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.

- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Non se pretende facer unha lista pechada, establécense nesta programación unha serie de procedementos que poderán ser ampliados polo profesor si este o considerase oportuno. Esta serie básica de “ferramentas” quedaría redactada como continua:

- Adaptación aos obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Resultados expresados mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.
- Comunicación escrita do resultado da avaliación aos alumnos e aos pais dos alumnos menores de idade.

- Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior a 5 na avaliación final do mes de xuño, terán dereito a unha convocatoria extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados, e proponse unha serie de actividades de reforzo e mellora.

9.2.6. Criterios de cualificación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación exprésase en termos numéricos utilizando a escala de un a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor, mostrando un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso; 30%
- Preparación e participación nas audicións programadas polo departamento, que serán como mínimo de unha por trimestre. 20%
- Puntualidade na asistencia ás clases e actitude de respecto cara a materia e o profesor. 10%
- Interese no coidado do instrumento, partituras, etc. 5%
- Asistencia a concertos e outras actividades organizadas polo departamento. 5%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

9.2.7. Medidas de recuperación

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

A recuperación realizarase ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado teña unha maior dificultade.

9.2.8. Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propiresponsabilidade persoal.

A recuperación realizarase ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado teña unha maior dificultade.

9.2.9. Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as

indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso. Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 50%
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor, mostrando un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. 50%

Branle	E. Adriansen
“Método de Guitarra”, 1a parte, leccións 1, 2, 3 e 5 (U.M.E.).	D. Aguado
The Parliament, Wilson’s Wilde, Toy.	Anónimo
Branle Gay (Amsco Pub.).	J. B. Besard
“Estudios sencillos” (Max Eschig), o I e o II.	L. Brouwer
“Studi per chitarra” (Suvini Zerboni), Allegretto op. 333, Andante op. 21, Vals op. 21.	F. Carulli
“Le Papillon op. 30” (Real Musical), o no 1, o no 11, o no 13.	M. Giuliani
Branle de Poictou (M. Combre).	A. Le Roy
“Essential Guitar Skills” (Ricordi): “Arpeggio” o 1; “Scales” o 5, 6 e o 8; “Barré” o 2: “Trémolo” o 3 e o 6.	B. Lester
“Neue Folklorestücke für Gitarre” (Ricordi): Chant du Matin, Cold finger blues, Highlandmarch.	M. Linnemann

“Leichte Folklorestücke für Gitarre” (Ricordi).	M. Linnemann
“Divertissements pour guitare vol. 1” (Doberman): Bienvenue, Bahamas, Le Clown, Tango pour Helène, Crépuscule, Calypso, Romance, Émeraude.	G. Montreuil
“The Complete Studies for guitar” (Chanterelle), op. 60 no 1, op. 60 no 2, op. 60 no 3, op. 31 no 1, op. 35 no 1, op. 35 no 2, op. 44 no 1.	F. Sor
“Tres pequeñas piezas”.	M. Vandermaesbrugge
“Modern Times vol. 1” (Chanterelle), Preludio, Escalando e Paisaje.	J. Zenamon

9.3. Secuenciación do curso 3º Grao Elemental

9.3.1. Obxectivos

- Ampliar o repertorio de técnicas (harmónicos, acordes, arpexos e rasgueos).
- Mellorar as técnicas de estudo: distribución do tempo; traballo repetitivo e traballo reflexivo; previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese...
- Coidar ao máximo a calidade do son e o estado das unllas, empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de unas coidadas durante todo o terceiro curso.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pe, limas, atril, pestana e diapason.
- Coñecer as diferentes formas de dixitación, tendo en conta o fraseo e estilo da peza.
- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que e esencial poder demostrar en publico o seu dominio. Dominar a afinación por unísonos.
- Coñecer e ler perfectamente as notas nos sete primeiros trastes do diapason.
- Interpretar catro estudos con diferente formulación técnica e catro obras de dous estilos diferentes.

- Coñecer de maneira básica as tonalidades e o seu funcionamento na guitarra.

9.3.2. Contidos

- Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva, como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.
- Afinación das cordas.
- Traballo da dinámica e da agónica.
- Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
- Coñecemento básico dos recursos da guitarra.
- Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.
- Iniciación a comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, sección, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- A harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Harmónicos naturais.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.

9.3.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua,

cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

9.3.4. Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción do conxunto brazo-antebrazo-dedos esquerdos sobre o diapasón, os dereitos sobre as cordas e a coordinación de ámbolos dous.
- Dixitar correctamente a man esquerda ata o traste noveno e a man dereita acorde co nivel das obras esixidas.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra.
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar música de conxunto.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

9.3.5. Mínimos esixibles

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da guitarra na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos básicos da guitarra.
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar un mínimo de dúas obras ou estudos por trimestre.
- Realizar un mínimo de dúas audición ó longo do curso.

9.3.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.

- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

9.3.7. Criterios de cualificación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación exprésase en termos numéricos utilizando a escala de un a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor, mostrando un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso; 30%
- Preparación e participación nas audicións programadas polo departamento, que serán como mínimo de unha por trimestre. 20%
- Puntualidade na asistencia ás clases e actitude de respecto cara a materia e o profesor. 10%
- Interese no coidado do instrumento, partituras, etc. 5%
- Asistencia a concertos e outras actividades organizadas polo departamento. 5%

9.3.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

9.3.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzamento dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

9.3.10. Procedementos de recuperación ordinario

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle nas normas do documento do Proyecto Educativo do Centro (PEC)², terán que facer nas últimas semanas do curso unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de seis pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 25%

9.3.11. Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de cinco pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 25%

9.3.11.1. Recursos

² A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) establecerá os criterios oportunos para a aplicación do protocolo a seguir no caso de perda do dereito a avaliación continua.

· O alumnado perderá o dereito á avaliación continua se por calquera circunstancia falta inxustificadamente a un número determinado de clases ao longo do curso (establecidas en cada Guía e/ou Programación docente). En calquera caso, as faltas que leven aparellada a perda de avaliación continua deberán de estar rexistradas nos sistemas dos que dispón o Centro, das que deberá ter coñecemento oportuno a Xefatura de Estudos.

· En calquera caso, o alumnado sempre terá dereito a ser avaliado dentro das convocatorias ordinarias e extraordinaria.

Estudios	
<p>Estudos Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi A barra: n.o 1, 3, 4 e 6 A escala: n.o 8, 9, 10 e 12 O tremolo: n.o 1, 2, 8, 10 e 11. O arpejo: n.o 2, 4 e 5.</p>	<p>Brian Lester</p>
Obras	
<p>Branle IX, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni Almande, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni Gavota, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1a ed.T. Camacho, Ed. Real Greensleeves, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1a ed.T. Camacho, Ricerca II, Antologia di Musica Antica Vol. II, R. Chiesa, Ed. Suvini Estudo no 4, Coleção de peças clássicas para 2o ano, I. Savio, Estudo no 7, Coleção de peças clássicas para 2o ano, I. Savio, Estudo no 3, Coleção de peças clássicas para 2o ano, I. Savio, Divertimento, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni Estudo no 10, Coleção de peças clássicas para 2o ano, I. Savio, Estudo no 2, Études Simples, 1a serie, Ed. M. Eschig Estudo no 3, Études Simples, 1a serie, Ed. M. Eschig Estudo no 4, Études Simples, 1a serie, Ed. M. Eschig Estudo no 5, Études Simples, 1a serie, Ed. M. Eschig Estudo no 8, Études Simples, 2a serie, Ed. M. Eschig Preludio, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle Paisaje, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle Grekos, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle Drones, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle Vineta II, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle Carrousel, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman São Paulo, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman Françoise, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman Pascale, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman Dolores, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman Karina, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman Vinde ver o neno, A guitarra e a música tradicional, Danza, A guitarra e a música tradicional, Camarinas, A guitarra e a música tradicional, Cantiga de Santa Maria, A guitarra e a música tradicional, Procesional, A guitarra e a música tradicional, Popourri galego, A guitarra e a música tradicional</p>	<p>A. Le Roy A. Le Roy L. Roncalli Anonimo XVI J. Ma. Da Crema F. Sor F. Sor M. Giuliani M. Giuliani F. Tárrega L. Brouwer* L. Brouwer* L. Brouwer* L. Brouwer* L. Brouwer* J. Zenamon J. Zenamon G. Zarb G. Biberian E. Cordero G. Montreuil G. Montreuil G. Montreuil G. Montreuil G. Montreuil G. Montreuil M. H. Iglesias Vázquez M. H. Iglesias M. H. Iglesias M. H. Iglesias M. H. Iglesias M. H. Iglesias</p>

9.4. Secuenciación do curso 4º Grao Elemental

9.4.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilite e favorezca a acción do conxunto brazo-antebrazo-dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo dentro das esixencias do nivel, tanto en interpretación individual coma na de conxunto.
- Coñecer as posibilidades harmónicas do instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

9.4.2. Contidos

- Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva, como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Afinación das cordas.
- Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.
- Principios xerais da dixitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar con maior claridade as ideas e os contidos musicais.
- Traballo da dinámica e da agónica.
- Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
- Coñecemento básico dos recursos da guitarra
- Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.

- Iniciación a comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, sección, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Desenvolvemento dunha condución clara das voces en obras contrapuntísticas.
- A harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Harmónicos naturais.
- Iniciación a grafía contemporánea.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto

9.4.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

9.4.4. Criterios de Avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción do conxunto brazo-antebrazo-dedos esquerdos sobre o diapasón, os dereitos sobre as cordas e a coordinación de ámbolos dous.
- Dixitar correctamente a man esquerda ata o traste doce e a man dereita acorde co nivel das obras esixidas.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra.

- Interpretar tres estudos e tres obras amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar música de conxunto.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

9.4.5. Mínimos esixibles

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da guitarra na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos básicos da guitarra.
- Interpretar tres estudos e tres obras amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar un mínimo de dúas obras ou estudos por trimestre.
- Realizar un mínimo de dúas audicións ó longo do curso

9.4.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

9.4.7. Criterios de Avaliación

A avaliación será continua, obxectiva e personalizada, baseada na escoita e na observación directa polo profesor do proceso de aprendizaxe dos alumnos. O curso estará dividido en tres trimestres. Cada alumno recibirá trimestralmente información por escrito (en forma de cualificación) sobre a situación do proceso de aprendizaxe. A cualificación expresarase en termos numéricos utilizando a escala de un

a dez sen decimais, considerándose positivas as cualificacións superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso.40%
- Interpretar correctamente as pezas propostas polo profesor, mostrando un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso; 40%
- Preparación e participación nas audicións programadas polo departamento, que serán como mínimo de unha por trimestre. 20%

9.4.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

9.4.9. Recursos Didácticos

Estudos	
Estudios sencillos” nº 6-10 25 Estudios op.60 nº 1-8 24 Estudios op.48 1nº-6 24 Exercices Livre I op.35 nº9 24 Exercices Livre II op. 35 nº13, 18, 22, 24 12 Estudios op.6 nº2 Sun song	L. Brouwer M. Carcassi M. Giuliani F. Sor F. Sor F. Sor B. Lester
Renacimiento	
Orlando Sleepth English Dance Mrs. Winter’s Jump Mrs. Nichols Almand Pavana muy llana para tañer	J. Dowland J. Dowland J. Dowland J. Dowland D. Pisador
Barroco	
Sarabanda (Suite BWV 996)	J.S. Bach

Clásico	
Le Papillon op. 30 no21-32	M. Giuliani
Romántico	
Lágrima Andantino en La mayor Minueto op.38 no1	F. Tárrega F. Tárrega J. Ferrer
Modernismo, Siglo XX	
Preludio Barcarola “Modern Times”: Turquoise “Modern Times”: Estudio a la cubana “Modern Times”: Estudio Fugaz “Modern Times”: Viñeta Criolla “Modern Times”: Autumn Mist “Modern Times”: Chanson du marin disparu “Modern Times”: Recuerdo “Modern Times”: Grekos Imaxes	J. Absil J. Absil N. Leclerq E. Cordero E. Cordero E. Cordero O. Hunt J. Zenamon J. Zenamon G. Zarb P. Evangelista

10. Secuenciación do Grado Profesional.

10.1. Curso: 1º Grao Profesional

10.1.1. Obxectivos

- Perfeccionar o conxunto das técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer as posibilidades harmónicas do instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

10.1.2. Contidos

- Técnica proposta.
- Perfeccionamento de toda a gama de articulacións, modos de ataque e timbres.
- Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática: dixitación de obras ou pasaxes polifónicos en relación coa condución das distintas voces.
- A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.

10.1.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

10.1.4. Criterios de avaliación

- Interpretar as pezas propostas por o profesor na aula como mínimo tres delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Tocar exercicios de lectura a primeira vista.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel.
- Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc. *é obrigatorio o emprego de uñas na man dereita.*

10.1.5. Mínimos esixibles

Acadar os obxectivos trazados para este curso a través do cumprimento dos contidos e os recursos didácticos propostos.

10.1.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Asistencia a clase.
- Valoración do traballo semanal realizado por o alumno.
- Temporalización trimestral do repertorio a traballar ao longo do curso.
- Exercicios de técnica, propostos por o profesor en cada clase.
- Actuacións en público participando nas audicións que cada trimestre se realizan no auditorio do centro.
- Ao final de cada trimestre realizaranse audicións de aula nas que os alumnos interpretarán parte do repertorio traballado no trimestre. Estas audicións serán obrigatorias para todo o alumnado.

- Criterios de cualificación
- Valoración do traballo semanal realizado por o alumno: 60%.
- Temporalización trimestral do repertorio a traballar ao longo do curso: 15%.
- Exercicios de técnica, propostos por o profesor en cada clase:10%.
- Participación nas audicións trimestrais de aula: 15%.

10.1.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor pode propor, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado , así o solicite, conforme á súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspira acceder.

10.1.8. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle nas NOF do centro, terán que facer nas últimas semanas do curso unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do tribunal de seis pezas a elección do tribunal.

10.1.9. Procedementos de recuperación ordinario.

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar terán dereito, segundo se recolle no Proyecto Educativo do Centro (PEC) , a facer unha proba na que presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles. A dita proba consistirá na interpretación diante do profesor de seis pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 25%

10.1.10. Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro. A dita proba consistirá na interpretación diante do profesor de cinco pezas a elección do tribunal.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación: - Aspectos técnicos 50%

- Aspectos expresivos 25%
- Preparación e dificultade 25%

10.1.11. Recursos didácticos

Estudios	
"Estudios sencillos" nº 12,15 25 Estudios op. 60 nº 9-13 25 Estudios op. 38 nº 1, 2, 5 24 Estudios op. 48 nº 7, 8 24 Exercices Livre I op.35 nº 11 24 Exercices Livre II op. 35 nº 17	L. Brouwer M. Carcassi N. Coste M. Giuliani F. Sor F. Sor
Renacimiento	
Pavanas I, II, IV Round Batle Gaillard Can she excuse	L. Milán J. Dowland J. Dowland
Barroco	
Torneo Batalla	Gaspar Sanz Gaspar Sanz
Clásico	
Allegretto op. 5 nº 12 Larghetto op. 241 Preludios op 38 nº 1, 4	M. Carcassi F. Carulli M. Giuliani
Romanticismo	
Adelita	Tárrega

Modernismo y posmodernismo S. XX y XXI	
Preludios 1-4 “Six Colours”: Arlequine “Six Couleurs”: Noir “Six Couleurs”: Cyclamen “Modern Times”: Raggaie sunrise “Modern Times”: Hangin’ around Imaxes	M.M. Ponce N. Leclerq N. Leclerq N. Leclerq M. Byatt M. Byatt P. Evangelista

10.2. Curso: 2º Grao Profesional

10.2.1. Obxectivos

- Perfeccionar o conxunto das técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Coñecer as posibilidades harmónicas do instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

10.2.2. Contidos

- Técnica proposta.
- Perfeccionamento de toda a gama de articulacións, modos de ataque e timbres.
- Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática: dixitación de obras ou pasaxes polifónicos en relación coa condución das distintas voces.
- A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista e adestramento da memoria auditiva.

10.2.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

10.2.4. Criterios de avaliación

- Interpretar as pezas propostas por o profesor na aula como mínimo tres delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Tocar exercicios de lectura a primeira vista.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel.
- Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc. *é obrigatorio o emprego de uñas na man dereita.*

10.2.5. Mínimos esixibles

Acadar os obxectivos trazados para este curso a través do cumprimento dos contidos e os recursos didácticos propostos.

10.2.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Asistencia a clase.
- Valoración do traballo semanal realizado por o alumno.

- Temporalización trimestral do repertorio a traballar ao longo do curso.
- Exercicios de técnica, propostos por o profesor en cada clase.
- Actuacións en público participando nas audicións que cada trimestre se realizan no auditorio do centro.
